



COMUNICADO OFICIAL:

IX EUROCIDADE BTT CANCELADA OFICIALMENTE

Reunidos, os técnicos de deportes de **Tui, Valença e o Director da Proba**, tomouse a decisión de **CANCELAR o IX EUROCIDADE BTT polo Covid-19**

Despois de analizar todas a recomendacións, tanto do **Goberno de España, Goberno de Portugal e Xunta de Galicia**, e dada a **situación excepcional de forza maior que seguimos vivindo** en ambos países, decidimos **CANCELAR** a presente edición como medida preventiva, para garantir a seguridade de todos os participantes e veciños de Tui, Valença e arredores polo Covid-19.

O tratarse dunha proba multitudinaria a nivel internacional entre España e Portugal, a visita de corredores, acompañantes e espectadores procedentes de diversos países e moitos lugares de España e Portugal, seguía supoñendo un risco de saúde pública.

Seguimos vivindo momentos moi delicados e son decisións complicadas, pero temos a obriga de ser responsables e prudentes cando a saúde das persoas está en xogo.

Dende a dirección da proba, queremos darvos as grazas, por ser tan comprensivos e pacientes ante as decisión que nos hemos visto obrigados a tomar. A cancelación do **IX EUROCIDADE BTT** representa a contribución máis importante, responsable e dolorosa que podíamos levar a cabo dende a **Peña Ciclista Bicosos Rias Baixas** para combatir o Covid-19, porque do que sí estamos seguros e que o Covid-19 o venceremos todos **XUNTOS**.

Vos emprazamos a seguirmos en redes sociais, porque dende xa empezamos a traballar na edición do 2021, esperamos veros a todos para disfrutar do que máis nos gusta, dar pedais.

Moitas grazas.

27/07/2020